

**RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE PUBLICAN AS LISTAXES DEFINITIVAS DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS EN SEGUNDO REPARTO NO MARCO DA CONVOCATORIA DE MOBILIDADE SICUE PARA O CURSO 2026-2027**

En cumprimento do establecido na Resolución Reitoral publicada o día 29 de xaneiro de 2026, pola que se fai pública a convocatoria de mobilidade SICUE para o curso 2026/2027 e trala publicación da primeira listaxe de adxudicación de prazas con data 13 de abril de 2026, esta Reitoría

**RESOLVE:**

1. Publicar a listaxe definitiva de **adxudicación no segundo reparto** no anexo I.

Esta listaxe non inclúe o estudantado que aceptou a praza no primeiro reparto, xa non aparece no segundo reparto.

2. Publicar a listaxe da **lista de agarda no segundo reparto** no anexo II.

O estudantado seleccionado terá de prazo 3 días hábiles dende a data da publicación para aceptar a praza na súa secretaría virtual. Terá as seguintes opcións:

- **Aceptar a praza**
- **Non aceptar a praza**
- **Renuncia:** desiste do seu dereito a continuar no programa.

Se non elixe ningunha opción, **entenderase que desiste do dereito** a participar no programa.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá a interposición do recurso contencioso administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación, R.R. do 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)  
A Vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Natalia Caparrini Marín

